



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Miguel Ángel Pérez Dubois
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia de Pontevedra)

Víctor Abelleira Argibay
(Representante do colexio de avogados da provincia)

Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta de Galicia)

VOGAIS REPRESENTANTES DA CMVMC DE A LAGOA

Non asisten

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria adscrita ao Servizo Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:00 horas do día 08/02/2016 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre resolución do expediente de clasificación dos montes denominados “ **Sebelo e outros**”, na parroquia de San Miguel de O Campo, solicitado a favor dos veciños da CMVMC de A Lagoa (Campo Lameiro)

Antecedentes de feito:

Primeiro.- Con data de entrada 01/08/2013, don Ramón Recamán Campos, en condición de presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de A Lagoa, na parroquia de San Miguel do Campo, pertencente ao Concello de Campo Lameiro, presenta unha solicitude de iniciación de clasificación do “Monte Sebelo e outros”, cun total de 11 parcelas.

O 16/09/2013 o Servizo de Montes indica á Secretaría do Xurado de Montes Veciñais que a planimetría presentada é suficiente e que as parcelas solicitadas non están clasificadas, inda que algunhas quedan a rente.

O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou, na súa sesión de 18/02/2014, incoar o correspondente expediente de clasificación das 11 parcelas referidas, baixo o nome de “Monte Sebelo e outros”.

O 09/04/2014 o Xefe de Área Técnica de Montes Veciñais remite o informe preceptivo. Indica que na maioría das parcelas se aprecia un uso forestal (“*Rodal de eucalipto latizal-fustal con matorral de retama y raso...*”, “*...poblada por masa mixta en monte bravo y fustal de eucalipto y roble...*”, “*Rodales de pino*”).

y eucalipto con pies de roble en clase de edad fustal”), inda que a presenza máis frecuente é a da matogueira (*“Principalmente rasa con bosque eucalipto fustal...”*; *“...matorral de zarza, rosa y sauco”*). Algunhas teñen forte pendente, porque son valados entre camiños, outras teñen *“...afloramientos rocosos”*, e outras usos sociais ou infraestruturas (*“vantera abandonada, edificación cerrada y cargadero y depósito de madera”*, *“Área recreativa vallada y atravesada por camino de servicio y tendido de media tensión”*). O instructor puido observar personalmente tamén plantación de castiñeiros soltos, carballos podados e algún cartel da comunidade de montes nalgunhas parcelas.

O 06/06/2014 emite certificación o Rexistro da Propiedade de Caldas de Reis, na que se fai constar que todas as parcelas das que se solicita información, tal e como se describen na solicitude, non figuran inscritas nese Rexistro.

Con data 16/05/2014 solicítase do Rexistrador da Propiedade de Caldas de Reis inscrición preventiva das parcelas obxecto do expediente, que cumpre o requirido con data 25 de xuño.

O Diario Oficial de Galicia de 27/06/2014 publica o anuncio da incoación do expediente das parcelas citadas e da apertura do prazo dun mes para a presentación de alegacións

Segundo.- O 23/07/2014 a Comunidade de Montes de Lameiro, lindeira da Comunidade de A Lagoa, presenta escrito no que solicita copia íntegra do expediente e ampliación do prazo para a presentación de alegacións. Ao día seguinte, 24/07/2014, a Comunidade de Montes de Lameiro presenta novo escrito no que reitera a solicitude de ampliación do prazo para a presentación de alegacións, anuncia a presentación dun informe pericial e a súa oposición á clasificación de todas as parcelas obxecto do expediente aducindo que todas elas están situadas no lugar de Lameiro e son aproveitadas polos seus veciños. O presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais responde en data 30/07/2014 que pode recoller copia do expediente previa liquidación das taxas correspondentes e que o prazo dun mes para a presentación de alegacións a partir da data de publicacións no DOG é improrrogable.

O 06/08/2014 o Concello de Campo Lameiro remite certificación da Secretaria da Corporación de ter sido realizada a exposición pública do anuncio de incoación do expediente de clasificación das devanditas parcelas sen que se teña producido reclamación algunha.

Con data 15/09/2014 a Comunidade de Montes de Lameiro presenta un informe pericial e escrito solicitando a exclusión das parcelas denominadas Encibano, Campiño e Peineto por seren aproveitadas polos veciños de Lameiro.



Con data do 16/12/2014, a secretaria do Xurado de Montes Veciñais remite á Comunidade de Montes de A Lagoa copia das alegacións presentadas pola Comunidade de Montes de Lameiro, dándolle un prazo de 15 días para á súa vez presentar as alegacións que consideren oportunas.

Con data 18/01/2015, a Comunidade de Montes de A Lagoa presenta escrito solicitando a ampliación do prazo para presentar as súas alegacións, aducindo que o escrito do Xurado foi recibido con moito retraso por ter cambiado o presidente da Comunidade. Non consta a presentación posterior de ningunha alegación.

Terceiro.- Á vista da documentación aportada pola comunidade solicitante e o informe do Servizo de Montes, as parcelas obxecto do presente expediente teñen a seguinte descrición:

CONCELLO: CAMPO LAMEIRO.

PARROQUIA: SAN MIGUEL DE O CAMPO.

NOME DO MONTE: "SEBELO".

Cabida: 6.341,20 aprox. m² (superficie alegada na solicitude).

Lindes:

Norte: polígono 21 parcela 1.466-Nicasio Silva Novoa.

Polígono 21 parcela 1.530-Secundina Campos Ferro.

Polígono 21 parcela 1.531-Antonia Campos Gutiérrez.

Sur: pista asfaltada.

Referencia catastral en investigación, artigo 47 da Lei 33/2003.

Polígono 21, parcela 1.659.

Leste: pista asfaltada.

Pista forestal.

Oeste: estrada PO-230.

NOME DO MONTE: "AS BRAÑAS".

Cabida: 3.490,10 m² aprox. (superficie alegada na solicitude).

Lindes:

Norte: estrada PO-230.

Sur: pista forestal.

Leste: pista forestal.

Oeste: Antonia Campos Ferreiro (polígono 21, parcela 321).

NOME DO MONTE: "AGRELO".

Cabida: 924,30 m² aprox. (superficie alegada na solicitude).

Lindes:

Norte: pista asfaltada.

Polígono 23 parcela 167-M^a del Mar Fariña Fontenla.
Sur: polígono 23 parcela 153-Jaime Fernández Gutiérrez.
Polígono 23 parcela 154-Carmen Campos Valiño.
Leste: polígono 23 parcela 161-concello de Campo Lameiro.
Polígono 23 parcela 165-herdeiros de Manuel Castro Fontenla.
Polígono 23 parcela 164-Manuel González Castro.
Oeste: Antonia Celia Campos Gutiérrez.

NOME DO MONTE: "CASTELIÑO".

Cabida: 5.834,20 m² aprox. (superficie alegada na solicitude).
Lindes:
Norte: pista asfaltada.
Sur: polígono 23 parcela 158-Víctor Gutiérrez Campos.
Leste: pista asfaltada, separa da parcela "Agrelo de Abaixo".
Oeste: polígono 23 parcela 198-Pilar Prieto Fernández.
Polígono 23 parcela 521-Antonio Martínez Leiro.
Pista asfaltada.
Polígono 23 parcela 160-Manuel García Silva.

NOME DO MONTE: "AGRELO DE ABAIXO".

Cabida: 4.013,10 m² aprox. (superficie alegada na solicitude).
Lindes:
Norte: pista asfaltada, separa do MVMC da Lagoa.
Sur: polígono 23 parcela 105-Hermitas Valiño García.
Polígono 23 parcela 379-José Martínez González.
Leste: pista asfaltada, separa de propietarios particulares e máis do MVMC da Lagoa.
Oeste: pista asfaltada, separa de parcela Casteliño.
Polígono 23 parcela 107-Jaime Fernández Gutiérrez.

NOME DO MONTE: "A CHEDA".

Cabida: 5.994,10 m² aprox. (superficie alegada na solicitude).
Lindes:
Norte: Moisés Rei Campos (polígono 23, parcela 302).
Sara Díaz Ventosa (polígono 23, parcela 303).
José Maquieira Barros (polígono 23, parcela 304).
Erundina Campos Campos (polígono 23, parcela 293).
Nicasio Gonzalo Silva Novoa (polígono 23, parcela 294).



José Maquieira Barros (polígono 23, parcela 402).

Nicasio Gonzalo Silva Novoa (polígono 23, parcela 311).

Secundina Campos Ferro (ref. catastral polígono 23, parcela 312).

Irene García García (polígono 23, parcela 314).

Mercedes Ferro (polígono 23, parcela 316).

Ignacio Fontenla Campos (polígono 23, parcela 317).

Ramón Valiño García (polígono 23, parcela 319).

Manuel Campo Parada Valiño (polígono 23, parcela 320).

Jaime Fernández Gutiérrez (polígono 23, parcela 321).

Nicasio Gonzalo Silva Novoa (polígono 23, parcela 322).

Sur: Irene García García (polígono 23, parcela 244).

Irene García García (polígono 23, parcela 243).

Irene García García (polígono 23, parcela 245).

Segismundo Tosar Gómez (polígono 23, parcela 246).

Irene García García (polígono 23, parcela 247).

Irene García García (polígono 23, parcela 248).

Antonia Campos Ferreiro (polígono 23, parcela 326).

Leste: Pista forestal, separa de propietarios particulares.

Oeste: Referencia catastral en investigación, artigo 47 da Lei 33/2003.

(Polígono 23, parcela 264).

Josefa Muíños Campos (polígono 23, parcela 261).

Tercita del Niño Jesús Silva Tosar (polígono 23, parcela 259).

NOME DO MONTE: "CAMPIÑO".

Cabida: 225,80 m² aprox. (superficie alegada na solicitude).

Lindes:

Norte: pista asfaltada, separa do MVMC da Lagoa.

Sur: pista asfaltada, separa de propietarios particulares.

Leste: pista asfaltada, separa de propietarios particulares.

Oeste: pista asfaltada, separa de propietarios particulares.

NOME DO MONTE: "ENCIBANO".

Cabida: 903,60 m² aprox. (superficie alegada na solicitude).

Lindes:

Norte: Antonio Chayan Montáns (polígono 39, parcela 227).

Sur: Concello de Campo Lameiro (polígono 39, parcelas 236 e 232).

Leste: pista asfaltada, separa de propietarios particulares.

súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”.

Así, segundo abondosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

A isto debe engadirse, como ben sinala para casos análogos o Xulgado Contencioso-Administrativo Nº3 de Pontevedra, en sentenza de 29 de xuño de 2009:

“La función del Jurado Provincial es la de comprobar la existencia o no de un aprovechamiento consuetudinario comunal en los términos indicados en el artículo 1 de la Ley 13/89, lo cual excluye de su examen cuestiones de propiedad, reservadas a la jurisdicción ordinaria y que no obstan a la clasificación del MVMC.

Tampoco es obstáculo a tal fin que el monte figure incluido, a nombre de otras personas o entidades, en catálogos, inventarios o registros públicos, salvo que dicha inclusión sea consecuencia de una sentencia dictada en juicio declarativo (Stc. de TSX de Galicia de 8 de mayo 2008 donde se reproduce con claridad la doctrina del TS que define como única razón válida para la clasificación la constante posesión continuada del aprovechamiento de los montes por los vecinos de forma mancomunada, sin que frente a este estado posesorio de los aprovechamientos del monte, no necesariamente forestales, puedan prevalecer los actos de disposición de los mismos siquiera hayan tenido acceso al Registro de la Propiedad...”

Sobre os tipos de aproveitamento, este ha de entenderse en sentido amplo no referido aos usos posibles, que poden ser variados e distintos en cada momento e parcela. A xurisprudencia establecida así o aclara. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a través da Sala do Contencioso-Administrativo, en sentenza nº 1239/2002 establece que

“...a Ley 13/89 di que os montes veciñais sono con independencia das súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria. Por iso o feito de que o uso actual principal da parcela litixiosa non sexa agrícola, forestal ou gandeiro, senón recreativo, non é obstáculo para a súa clasificación como monte veciñal...”

O informe do Servizo de Montes, corroborado pola visita do instrutor do expediente, recolle os signos do aproveitamento veciñal na maioría das parcelas. Sen embargo, a documentación presentada pola Comunidade de Montes de A Lagoa non inclúe documentación algunha referente ao uso actual por parte dos veciños deste barrio. Mesmo no caso da ocupación por instalacións de uso social ou industrial, a comunidade solicitante non presenta documentación relativa a elas. No caso das parcelas lindadeiras co barrio de O Lameiro, a falta de documentación ofrece dúbidas sobre



os veciños que as aproveitan, nomeadamente ante a alegación presentada pola Comunidade de Montes de O Lameiro de que eran aproveitadas polos veciños deste barrio, inda que esta comunidade tampouco presentou en prazo ningunha documentación sobre este feito.

Terceiro.- Algunhas parcelas das solicitadas están nos lindes de parcelas clasificadas anteriormente a prol da Comunidade de Montes de A Lagoa. Realizadas as comprobacións necesarias co Servizo de Montes, resultou que a parcela denominada “Sebelo” está incluída na parcela denominada “Costa da Pena” clasificada a prol da mesma Comunidade de Montes en 1979, polo que se debe excluír da clasificación.




Cuarto.- A planimetría da parcela denominada “As Brañas” inclúe dentro do perímetro do comunal un anaco de parcela particular, polo que debe ser revisada e corrixida.

Quinto.- O Concello de Campo Lameiro non presentou alegacións á clasificación das parcelas, e soamente se limitou a remitir a certificación da secretaría municipal (co Visto e Prace do alcalde) de que o anuncio relativo ao inicio do expediente estivo un mes exposto no taboleiro de anuncios do concello, o que supón implicitamente o recoñecemento do carácter veciñal dos terreos obxecto do expediente por parte do Concello.

En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, este Instrutor, en uso das facultades que ten conferidas propón e o Xurado acorda por unanimidade dos seus membros: **CLASIFICAR** como veciñais en man común as parcelas denominadas **Agrelo, Casteliño, Agrelo de Abaixo, A Cheda, Baladoiro e Portadiz, Borna** por reunir os requisitos esixidos no artigo 1 da Lei 13/1989, de acordo coa descrición reflectida no Antecedente de Feito Terceiro e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución, **E NON CLASIFICAR** como veciñais en man común as parcelas denominadas **Sebelo, As Brañas, Campiño, Encibano e Peineto**, polos motivos anteriormente expostos.



Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso

contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente publicación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Superficies alegada na solicitude

Agrelo	924,30 m ²
Casteliño	5.834,20 m ²
Agrelo de Abaixo	4.013,10 m ²
A Cheda	5.994,10 m ²
Baladoiro	15.486,40 m ²
Portadiz	35.580,00 m ²



Febreiro - 2016
ESCALA : 1/4.000

Nº de plano: 1 de 1.
MONTES AGRELO, CASTELIÑO, AGRELO DE ABAIXO, A CHEDA, BALADOIRO E PORTADIZ
CMVMC DE A LAGOA. PARROQUIA DE O CAMPO (SAN MIGUEL). CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en man común de Pontevedra ditou a seguinte
RESOLUCIÓN:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de montes)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia de Pontevedra)

Víctor Abelleira Argibay
(Representante do colexio de avogados da provincia)

Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta de Galicia)

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria adscrita ao Servizo-xurídico administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do día 26/02/2018 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución dos recursos de reposición contra a resolución recaída no expediente de clasificación dos montes denominados "Sebelo e outros", na parroquia de San Miguel de O Campo , solicitado a favor dos veciños da CMVMC de A Lagoa (Campo Lameiro)

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data 08/02/2016 o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra aproba unha resolución que clasifica como veciñais en man común as parcelas Agrelo, Casteliño, Agrelo de Abaixo. A Cheda, Baladoiro e Portadiz e non clasifica as parcelas Sebelo, As Brañas, Campiño, Encibano e Peineto, a prol da Comunidade de Montes de A Lagoa, da parroquia de San Miguel do Campo, pertencente ao concello de Campo Lameiro.

SEGUNDO.- Don Ramón Amador García Fontenla, como presidente e en representación da Comunidade de Montes de A Lagoa, en data 29/03/2016, presenta recurso de reposición contra a citada resolución no referente á non clasificación das parcelas As Brañas, Campiño, Encibano e Peineto. En apoio das súas alegacións presenta nove declaracións xuradas de veciños dos lugares de Carballeira, Baladoiro, Congostra e Casteliños, próximos ás citadas parcelas, afirmando o seu aproveitamento comunal polos veciños de A Lagoa. Tamén presenta copia do Plan de Xestión Forestal da Comunidade elaborado en 2009 e visado polo Colexio de Técnicos Forestais, que inclúe

as parcelas Campiño e Peineto, así como do Proxecto de Valorización integral dos Recursos do Monte Veciñal de A Lagoa, elaborado ao abeiro da *Orde de axudas para programas de valorización integral e promoción de multifuncionalidade do monte* da Xunta de Galicia, que tamén inclúe estas dúas parcelas. Presenta tamén cartografía corrixida da parcela a Braña e certificación catastral da titularidade da parcela Encibano a prol da Comunidade de A Lagoa.

TERCEIRO.- Con data 20/05/2016, dona Belén Raposo Pérez, en representación da Comunidade de Montes de Lameiro, presenta alegacións contrarias ao recurso da Comunidade de Montes de A Lagoa. Reitera a súa delimitación de barrios da parroquia contida no informe pericial presentado anteriormente, que establecería a pertenza das parcelas Campiño, Encibano e Peineto ao barrio de Lameiro e considera escaso o carácter probatorio das declaracións xuradas dos veciños e da inclusión das parcelas citadas en plans de xestión e valorización, por seren realizadas pola propia comunidade.

CUARTO.- Con data de 02/05/2016 e xa fóra de prazo presenta alegacións o Concello de Campo Lameiro sobre a resolución de clasificación de 8 de febreiro. Alega a inclusión no Inventario de Bens Municipais de diversas vías asfaltadas lindeiras coas parcelas clasificadas e un galpón situado nun extremo da parcela Agrelo de Abaixo, ademais de dúas parcelas que afectan parcialmente á parcela Agrelo.

QUINTO.- Contra as anteriores alegacións, a Comunidade de Montes de A Lagoa presenta con data 14/11/2016 á súa vez novas alegacións. Sobre o alegado polo Concello, afirma que os viais públicos do inventario municipal non están afectados pola resolución de clasificación, agás o que atravesaba a parcela Casteliño. Sobre este vial, a Comunidade de Montes aduce que a súa inclusión no Inventario de Bens Municipais non acredita a titularidade do mesmo. Idéntica argumentación alega á inclusión do galpón, que non está na parcela de Agrelo de Abaixo, senón na de Casteliño. Verbo do alegado pola Comunidade de Montes de Lameiro, reitérase nas súas alegacións anteriores, presentadas con data 29/03/2016.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para resolver os recursos de reposición que se interpoñan fronte as súas resolucións de acordo co preceptuado artigo 123-1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común de as Administracións Públicas (en diante LPAC) , así como o art. 12 da Lei 13/1989.



SEGUNDO. Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto pola CM de A Lagoa por cumprir cos requisitos esixidos nos artigos 123 e 124 da LPAC.

Igualmente procede admitir as alegacións da Comunidade de Montes de Lameiro.

E non procede admitir as alegacións do Concello de Campo Lameiro por seren presentadas fóra de prazo, pois consta a súa entrada no rexistro o 02/05/2016, 46 días despois de ser publicada a resolución no Diario Oficial de Galicia (17/03/2016) e excedendo claramente o prazo dun mes recollido na antedita resolución. O retraso é aínda máis inexcusable tendo en conta que o Concello de Campo Lameiro recibiu a comunicación da resolución de clasificación o 25/02/2016, segundo consta na documentación do expediente. Na resolución de clasificación indicábase que o prazo para interpoñer o recurso de reposición será de un mes (artigo 124 da LPAC) a contar dende o día seguinte o da notificación, e neste sentido, o artigo 116 da mesma lei, determina que será causa de inadmisión, entre outras, o transcurso do prazo para a interposición do recurso.

TERCEIRO. Sobre as alegacións presentadas pola Comunidade de Montes de A Lagoa, admítense como elementos de proba do aproveitamento veciñal as declaracións xuradas dos veciños, inda que no monte Peineto debe excluírse a parcela situada no extremo sur e ocupada por unha instalación municipal. Admítense tamén a planimetría corrixida da parcela As Brañas, que xa acreditara anteriormente o aproveitamento veciñal. Sobre a tramitación ante a Consellaría de Medio Rural de diversos proxectos técnicos sobre o seu monte veciñal, no Servizo de Montes consta a presentación dunha solicitude para a elaboración dun Plan de Xestión Forestal do Monte Veciñal pola CMVMC de A Lagoa e que recibiu a aprobación dunha subvención o 13/01/2009. Aínda que finalmente a subvención non foi aboada porque a Comunidade non xustificou no prazo establecido na convocatoria o pagamento da realización do traballo, o proxecto foi elaborado e visado posteriormente polo Colexio de Enxeñeiros Técnicos. Este proxecto incluía as parcelas Encibano e Peineto, o que constitúe un acto de disposición sobre elas pola Comunidade de Montes de A Lagoa.

Respecto ó manifestado polo promotor do expediente en relación coa inclusión na parte dispositiva dunha parcela denominada Borna, procede estimar as alegacións por canto se trata dun error de transcripción.

Deste xeito, advertido un erro na parte dispositiva da resolución de clasificación do 08/02/2016 e publicada no DOG nº 53 do 17 de marzo de 2016, en virtude do disposto no artigo 109-2 da LPAC, onde di "(...) O Xurado acorda por unanimidade dos seus membros: Clasificar como veciñais en man común as parcelas denominadas Agrelo, Casteliño, Agrelo de Abaixo, A Cheda, Baladoiro e Portadiz, Borna por reunir os requisitos esixidos no artigo 1 da Lei 13/1989 (...)". deberá dicir "(...) O Xurado acorda por unanimidade dos seus membros: Clasificar comoveciñais en man común as

parcelas denominadas Agrelo, Casteliño, Agrelo de Abaixo, A Cheda, Baladoiro e Portadiz, por reunir os requisitos esixidos no artigo 1 da Lei 13/1989 (...) “

CUARTO. No tocante ás alegacións presentadas pola Comunidade de Montes de Lameiro, reiteran as xa presentadas durante a tramitación do expediente de clasificación, baseando a súa argumentación en defender que as parcelas de Campiño, Encibano e Peineto pertencen ao barrio de Lameiro e non ao de A Lagoa. En defensa da súa posición amosa diversas divisións entre os dous barrios, incluída a que utiliza o Concello de Campo Lameiro, pero tamén reconece que a división contida na carpeta-ficha de Lameiro sitúa as tres parcelas en disputa no barrio de A Lagoa. En todo caso, o establecemento dos lindes administrativos de barrios, lugares ou parroquias non é relevante á hora de determinar o carácter veciñal das parcelas.


En consecuencia, a vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, e de acordo coa a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, o instrutor propón e o **Xurado** acorda por unanimidade :

INADMITIR por extemporáneo o recurso de reposición presentado polo Concello de Campo Lameiro.

DESESTIMAR as alegacións presentadas pola CMVMC de Lameiro polo motivos anteriormente expostos e **ESTIMAR** o recurso de reposición presentado pola Comunidade de Montes de A Lagoa no sentido de outorgar a **CLASIFICACIÓN** como monte veciñal ás parcelas **As Brañas, Campiño, Encibano e Peineto** (nesta parcela a excepción da superficie ocupada pola instalación municipal) a favor da CMVMC de A Lagoa, confirmando en todos os demais termos a resolución impugnada, tendo en conta a corrección de erros realizada no Fundamento de Dereito Terceiro.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 114 c) e 123-2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.





 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA	
Clasificación dos montes "Sebelo e outros" RECURSO DE REPOSICIÓN	
Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de A Lagoa	
Campo Lameiro	Escala: 1:2.000 Febreiro - 2.018